

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Programa de Prevención do Suicidio en poboación xeral, trastorno Mental e Aditivo.

Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19

Entidade executante

Asociación de ex-alcohólicos Ferrolterra

Ámbito territorial

Localidades da comarca Ferrolterra Eume e Ortegal

Persoas Destinatarias

Dirixido a todos/as aqueles usuarios/as da poboación xeral na comarca de Ferrolterra, Eume e Ortegal e idades comprendidas desde os 0 ata os 95 anos que estean interesados/as nas sesións programadas de sensibilización do suicidio e acudan de forma telemática ou presencial.

Obxectivos

Xerais:

- Aumentar a sensibilización da poboación xeral ante o suicidio
- Proporcionar información axeitada á realidade da conduta suicida en base a estudos científicos.
- Axudar a romper falsas crenzas e mitos vinculados ao suicidio
- Ofrecer unha guía de teléfonos e recursos da zona onde pedir axuda ante o suicidio

Específicos:

- Mellorar a comprensión sobre as causas do suicidio.
- Mostrar que facer e que non facer ante unha conduta suicida.
- Favorecer a procura de axuda na poboación xeral dentro da rede de saúde mental da comarca ante un posible caso de suicidio.
- Ensinar a Identificar os riscos asociados á conduta suicida.
- Diminuír o estigma asociado ás enfermidades mentais e o suicidio
- Identificar os factores protectores na conduta suicida.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19

Metodoloxía

Avaliación da necesidade de implantación e elaboración propia do programa;

Difusión-captación a través de carteis e trípticos por diferentes medios aos diversos recursos: Servizos sociais dos diversos concellos, Asociacións e Ongs de todos os ámbitos (terceira idade, violencia xénero, infancia-adolescencia), USM, Centros Cívicos, Colexios e Institutos, escolas de pais, Centros de Atención primaria, así como en todos aqueles espazos públicos e privados accesibles da comarca de Ferrolterra Eume e Ortegal

Elaboración de material diverso para o desenvolvemento guiado das sesións de sensibilización